ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA O NOMEAMENTO DE 3 FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COA CATEGORÍA DE TÉCNICO EN ORIENTACIÓN LABORAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO ILES CONCELLO DE PONTEVEDRA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

VALORACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS DA ASPIRANTE ADMITIDA MEDIANTE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO DE DATA 28/03/2012 POR EMENDAR EN TEMPO E FORMA A SÚA SOLICITUDE.- De acordo co disposto na Resolución do Concelleiro de Goberno Responsable da Área de Réxime Interior e Persoal de data 28/03/2012, procede admitir ao proceso selectivo a dona Irene González González e, en consecuencia, este tribunal cualificador efectúa a valoración dos méritos achegados pola interesada xunto coa instancia de participación aplicando os criterios establecidos nas bases da convocatoria (base 8ª.A.1) así como os acordos adoptados polo tribunal correspondéndolle a seguinte valoración provisional:

| ASPIRANTE | PUNTUACIÓN TOTAL | BASE OITAVA | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1.a | 1.b | | | 1.c | | | 1.d | 1.e | | |
| | | | a) | b) | c) | a) | b) | c) | | a) | b) | c) |
| IRENE GONZÁLEZ GONZÁLEZ | 1,2 | -- | -- | -- | -- | 0,75 | 0,3 | 0,15 | -- | -- | -- | -- |

Contra este baremo provisional a Sra. González González terá un prazo de 4 días hábiles para efectuar reclamacións podendo achegar, en concepto de emenda e para a súa valoración, aqueles documentos que acrediten méritos alegados e insuficientemente documentados na documentación aportada coa súa instancia de participación.

En ningún caso se admitirán novos méritos que non se alegasen na instancia inicial da interesada.

A vista da necesidade de tramitar de xeito urxente o presente proceso selectivo e dar comezo a súa segunda fase (proba práctica) so se terán en conta as reclamacións ou emendas que teñan entrada no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra antes da finalización do prazo establecido para elo (é dicir o día 4 de abril de 2011).

EXAMEN E RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO RESULTADO DO CONCURSO DE MÉRITOS.- Examinadas as reclamacións presentadas en tempo e forma contra o resultado do concurso de méritos publicado o 23 de marzo de 2012 o tribunal cualificador por unanimidade acorda:

Estimar en parte a reclamación efectuada por dona María Emma Teixeira López por canto revisada a documentación polo tribunal advírtese a necesidade de valorar no apartado 1.b.c (experiencia na empresa privada) un mes mais de servizos polo que lle correspondería neste apartado unha puntuación de 0,05 a maiores. Por outra banda non se estima a reclamación da aspirante por canto os servizos prestados noutras administracións públicas está valorado en función dos meses acreditados debidamente pola aspirante de conformidade coas bases da convocatoria. Estímase por outra banda a reclamación da aspirante no tocante a superación de probas selectivas na administración autonómica ao subsanar o defectos da documentación presentada inicialmente outorgándolle por ende neste apartado a puntuación correspondente (1 punto)

Estimar a reclamación presentada por dona María Isabel Taboada Mougan por canto aporta documentación que corrixe defectos na xustificación documental aos méritos alegados na solicitude de participación e por tanto o tribunal procede a revisar a súa puntuación no apartado 1b obtendo a puntuación máxima por ese apartado (5 puntos) así como a superación de probas selectivas na administración autonómica outorgándolle a puntuación correspondente (1 punto).

Desestimar a reclamación presentada por dona María Monserrat Soto Sio polos seguintes motivos: respecto da reclamación relativa a valoración dos cursos de formación este tribunal ratificase na valoración outorgada provisionalmente posto que unha vez revisados os cursos alegados pola aspirante a valoración efectuada por este tribunal axústase ao disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo sen que se poidan valorar aqueles dos que non se desprende a súa oficialidade nos termos esixidos no apartado A.1.c da base oitava. Ao respecto da reclamación relativa aos servizos prestados desestimase a reclamación por canto non acredita os servizos prestados nas administracións públicas mediante certificado orixinal ou copia compulsada emitido polo órgano de xestión de persoal da administración pública que corresponda, nos termos da base oitava A.1.b. Por ultimo desestimase a reclamación relativa a superación de probas selectivas por canto a xustificación

documental é insuficiente para acreditar tal circunstancia e ademais non procede a valoración como superación de proba selectivas cando non se deduce a superación dun exercicio non cosiderandose como tal nin a fase de concurso nin a entrevista.

Estimar en parte a reclamación presentada por dona Susana Otero Pérez polos seguintes motivos: Respecto da valoración da experiencia profesional procede a valoración dos servizos prestados cuxa acreditación se subsana coa documentación achegada coa reclamación polo que acada neste apartado máxima puntuación (5 puntos). Por outra banda desestimase a reclamación respecto da superación de probas selectivas por canto da documentación achegada non se desprende a superación de ningún exercicio dos procesos selectivos alegados non sendo indicativo para este tribunal da superación dun exercicio a puntuación obtida sen especificar a puntuación mínima de superación de cada exercicio. Por último desestimase a reclamación respecto da valoración da titulación universitaria superior posto que esta titulación non pode ser valorada por non atoparse recollida na base oitava A.1.a.

Estimar en parte a reclamación presentada por dona Miriam Garabal Montes nos seguintes termos: Revisada a documentación achegada para a xustificación da experiencia profesional procede outorgar no apartado 1.b.c) a puntuación de 0,40 puntos en total, non procedendo a revisión dos demais apartado por canto non acredita os servizos prestados nas administracións públicas mediante certificado orixinal ou copia compulsada emitido polo órgano de xestión de persoal da administración pública que corresponda, nos termos da base oitava A.1.b. Estimase a valoración da superación de probas selectivas na administración local outorgándolle a puntuación correspondente por este apartado (1,5 puntos) non correspondéndolle a valoración do mesmo apartado na administración autonómica por canto por canto da documentación achegada non se desprende a superación de ningún exercicio dos procesos selectivos alegados non sendo indicativo para este tribunal da superación dun exercicio a puntuación obtida sen especificar a puntuación mínima de superación de cada exercicio.

Estimar a reclamación presentada por dona María Iglesias Toimil por canto achega coa reclamación documentación que corrixe defectos nalgúns dos documentos presentados inicialmente e polo tanto o tribunal, unha vez revisado o apartado de experiencia profesional outórgalle a puntuación máxima de 5 puntos.

Desestimar a reclamación efectuada por dona María Socorro Carnero Rodríguez por canto non acredita os servizos prestados nas administracións públicas mediante certificado orixinal ou copia compulsada emitido polo órgano de xestión de persoal da administración pública que corresponda, nos termos da base oitava A.1.b.

Estimar en parte a reclamación presentada por dona Rosa María Corbacho Fernández de xeito que se engada a puntuación relativa aos curso de duración igual ou superior a 30 horas por un total de 0,40 puntos, así como a valoración da experiencia profesional na administración local que supón a obtención da máxima puntuación neste apartado, e dicir, 5 puntos. Por outra banda desestimase a pretensión en canto a valoración de cursos de cuxo teor literal non se desprende a oficialidade destes así como a pretensión relativa a valoración da superación de probas selectivas na administración autonómica por canto non se non se desprende a superación de ningún exercicio do proceso selectivo alegado non sendo indicativo para este tribunal da superación dun exercicio a puntuación obtida sen especificar a puntuación mínima de superación de cada exercicio. Por último sinalar que unha parte da puntuación obtida no apartado 1e se corresponde coa valoración do curso de lingua galega - perfeccionamento non valorándose o curso de lingua galega - iniciación dado que se considera incluída na valoración efectuada no curso de lingua galega - perfeccionamento (equivalente ao celga 4).

Desestimar a reclamación presentada por don Juan Carlos Pérez Portas por canto a documentación que aporta para xustificar a experiencia profesional non cumpre os requisitos esixidos nas bases da convocatoria por canto non acredita os servizos prestados nas administracións públicas mediante certificado orixinal ou copia compulsada emitido polo órgano de xestión de persoal da administración pública que corresponda, nos termos da base oitava A.1.b. Por outra banda unha vez revisado o erro manifestado polo propio aspirante procedese a suprimir a puntuación obtida no apartado 1.e.c (1,50) que por erro se fixo constar na puntuación do reclamante, e unha vez revisado o erro polo tribunal detectase que a puntuación sinalada corresponde a aspirante dona Maria Eva Pérez Pérez a cuxa puntuación definitiva se engade.

Desestimar as reclamacións presentadas por dona María Dora Romero Insua por canto non acredita os servizos prestados nas administracións públicas mediante certificado orixinal ou copia compulsada emitido polo órgano de xestión de persoal da administración pública que corresponda, nos termos da

base oitava A.1.b. En canto a reclamación sobre a valoración do curso de lingua galega - iniciación non procede a súa valoración dado que se considera incluída na valoración efectuada no curso de lingua galega - perfeccionamento (equivalente ao celga 4).

Desestimar a reclamación presentada por dona María José Barreiro Castro por canto por canto da documentación achegada non se desprende a superación de ningún exercicio dos procesos selectivos alegados non sendo indicativo para este tribunal da superación dun exercicio a puntuación obtida sen especificar a puntuación mínima de superación de cada exercicio.

Estimar en parte a reclamación efectuada por dona Eva Susana Candeira Rodríguez por canto ao corrixir os defectos advertidos na documentación presentada inicialmente procede a valoración da experiencia profesional na administración local obtendo a puntuación máxima correspondente ao dito apartado (5 puntos). Respecto da valoración dos cursos de formación esta xa foi efectuada.

Estimar parcialmente a reclamación presentada por dona Ana Concheiro Sánchez no que atinxe a experiencia profesional correspondéndolle por tanto neste apartado a puntuación máxima (5 puntos). No que atinxe aos cursos de formación, revisada a valoración esta resulta axustada as bases da convocatoria sen que se poidan valorar aqueles dos que non se desprende a súa oficialidade nos termos esixidos no apartado A.1.c da base oitava, que non indiquen o número de horas ou estas sexan inferiores a 30.

Estimar parcialmente a reclamación presentada por dona Nerea Couso Iglesias no que atinxe a experiencia profesional correspondéndolle por tanto neste apartado a puntuación máxima (5 puntos). En canto a reclamación sobre a valoración do curso de lingua galega - iniciación non procede a súa valoración dado que se considera incluída na valoración efectuada no curso de lingua galega - perfeccionamento (equivalente ao celga 4).

Estimar a reclamación presentada por dona Ana Isabel del Pozo Corbeira ao emendar a documentación acreditativa da superación de probas selectivas nas entidades locais e por ende outorgaselle neste apartado unha puntuación de 1,50 puntos.

Desestimar a reclamación efectuada por dona Beatriz Esteban Aguirre por canto unha vez revisados os cursos alegados a valoración efectuada por este tribunal axústase ao disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo sen que se poidan valorar aqueles dos que non se desprende a súa oficialidade nos termos esixidos no apartado A.1.c da base oitava.

Desestimar a reclamación presentada por dona Iris Inés Gómez Arufe por canto unha vez revisados os cursos alegados a valoración efectuada por este tribunal axústase ao disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo sen que se poidan valorar aqueles dos que non se desprende a súa oficialidade nos termos esixidos no apartado A.1.c da base oitava. En canto a reclamación sobre a valoración do curso de lingua galega - iniciación non procede a súa valoración dado que se considera incluída na valoración efectuada no curso de lingua galega - perfeccionamento (equivalente ao celga 4).

Estimar parcialmente a reclamación presentada por dona Carmen Iglesias Torres no que atinxe a experiencia profesional correspondéndolle por tanto neste apartado a puntuación máxima (5 puntos). En canto a reclamación sobre a valoración do curso de lingua galega - iniciación non procede a súa valoración dado que se considera incluída na valoración efectuada no curso de lingua galega - perfeccionamento (equivalente ao celga 4). Por último non procede a valoración como superación de proba selectivas cando non se deduce a superación dun exercicio non considerándose como tal nin a fase de concurso nin a entrevista.

Desestimar as reclamacións presentadas por don Daniel Lomba Alonso por canto non acredita os servizos prestados nas administracións públicas mediante certificado orixinal ou copia compulsada emitido polo órgano de xestión de persoal da administración pública que corresponda, nos termos da base oitava A.1.b. Unha vez revisados os cursos alegados resulta que a valoración efectuada por este tribunal axústase ao disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo sen que se poidan valorar aqueles dos que non se desprende a súa oficialidade nos termos esixidos no apartado A.1.c da base oitava.

Estimar parcialmente as reclamacións efectuadas por dona Inmaculada Martínez Couto por canto procede a valoración do curso cuxa homologación achega xunto coa súa reclamación polo que se outorga a puntuación de 0,15 puntos. Por outra banda non procede estimar a reclamación respecto da valoración da superación de probas por canto se trata de méritos non alegados coa solicitude de participación. Por último unha vez revisados os cursos alegados a valoración efectuada por este tribunal axústase ao disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo sen que se poidan valorar

aqueles dos que non se desprende a súa oficialidade nos termos esixidos no apartado A.1.c da base oitava.

Estimar parcialmente a reclamación presentada por dona Silvana Martínez Rodríguez no que atinxe a experiencia profesional correspondéndolle por tanto neste apartado a puntuación máxima (5 puntos). Por outra banda unha vez revisados os cursos alegados a valoración efectuada por este tribunal axústase ao disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo sen que se poidan valorar aqueles dos que non se desprende a súa oficialidade nos termos esixidos no apartado A.1.c da base oitava, advertindo por outra banda o erro na valoración da participación nun correspondente ao apartado 1.c.c) e por tanto engadindo neste apartado a puntuación de 0,10.

Estimar parcialmente a reclamación presentada por dona María Ilda Mera Oitaven no que atinxe a experiencia profesional correspondéndolle por tanto neste apartado a puntuación máxima (5 puntos). Desestimar a reclamación no tocante a valoración dos cursos de formación posto que unha vez revisados os cursos alegados a valoración efectuada por este tribunal axústase ao disposto nas bases reguladoras. Así mesmo en canto a reclamación sobre a valoración do curso de lingua galega - iniciación non procede a súa valoración dado que se considera incluída na valoración efectuada no curso de lingua galega - perfeccionamento (equivalente ao celga 4).

Desestimar a reclamación efectuada por don Jone Ojeda Macía posto que unha vez revisados os cursos alegados a valoración efectuada por este tribunal axústase ao disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo sen que se poidan valorar aqueles dos que non se desprende a súa oficialidade nos termos esixidos no apartado A.1.c da base oitava.

Estimar a reclamación presentada por dona Ana Pastor Gómez no que atinxe a experiencia profesional correspondéndolle por tanto neste apartado a puntuación máxima (5 puntos).

Desestimar a reclamación presentada por dona Yolanda Outeda Rial por canto non se desprende que cumpra o requisito de titulación de acceso para participar no proceso selectivo (base 4º.1.c) e polo tanto este tribunal reiterase na decisión de exclusión do proceso selectivo acordada o 23 de marzo de 2012.

Finalmente, non admitir a alegación presentada por dona Ana Sánchez Díz por canto a súa presentación non se axusta ao acordado polo tribunal o día 23 de marzo de 2011 ao non recibirse a reclamación orixinal no Rexistro Xeral Municipal dentro do prazo establecido para efectuar as reclamacións.

Respecto das alegacións formuladas por algúns aspirantes contra o propio contido e teor literal das bases reguladoras do proceso selectivo, non corresponde a súa resolución a este tribunal.

RESULTADO DEFINITIVO DO CONCURSO DE MÉRITOS.

A vista da resolución das reclamacións presentadas unha vez corrixidas as puntuacións nos termos arriba expostos o resultado definitivo da valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polos aspirantes é o que se reflexa na táboa anexa.

Polo exposto de conformidade co disposto na base oitava A.2 pasan a proba práctica os 12 candidatos que acadaron a maior puntuación na fase de valoración de currículo que son os seguintes:

| ASPIRANTE | PUNTUACION TOTAL |
|---|---|
| POSADA GABELA, MANUELA MARÍA | 11,75 |
| PASTOR GÓMEZ, ANA | 11,75 |
| DEL POZO CORBEIRA, ANA ISABEL | 11,75 |
| MARTÍNEZ MARTÍNEZ, PAULA | 11,60 |
| VÁZQUEZ PRADA, PATRICIA | 11,55 |
| IGLESIAS TORRES, CARMEN | 11,50 |
| TEIXEIRA LÓPEZ, Mª EMMA | 11,45 |
| COUSO IGLESIAS, NEREA | 11,25 |

| ASPIRANTE | PUNTUACION TOTAL |
|---|---|
| CANDEIRA RODRIGUEZ, EVA SUSANA | 10,90 |
| CORBACHO FERNÁNDEZ, ROSA MARÍA | 10,80 |
| MILETI RODRÍGUEZ, EUGENIA | 10,70 |
| BARREIRO CASTRO, Mª JOSÉ | 10,55 |

CONVOCATORIA PARA A PROBA PRÁCTICA.

Convócase aos 12 aspirantes sinalados para realización da proba práctica que terá lugar o próximo luns 10 de abril de 2012 na planta soto do edificio da Casa da Luz sita na praza da Verdura ás 9,30 horas e consistirá nun ou varios supostos prácticos escritos con diferentes cuestións a resolver relacionados coas tarefas e funcións a desenvolver no posto convocado, nos termos expostos na base segunda das reguladoras e en relación co temario exposto no punto 2 da letra A da base 8ª. A duración da proba será de 90 minutos. Os aspirantes terán ampla liberdade no tocante á forma de exposición valorándose a formación xeral, a claridade de ideas, o rigor e precisión na exposición así como a análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.

Pontevedra, 30 de marzo de 2012

A secretaria do Tribunal

María del Mar Lamoso Varela

CONCURSO MERITOS DEFINITIVO T. ORIENTACION LABORAL

| | | BASE OITAVA | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1b | | | 1c | | | | 1e | | |
| ASPIRANTE | PUNTUACION TOTAL | 1a | a) | b) | c) | a) | b) | c) | 1d | a) | b) | c) |
| ABELENDA MARTÍNEZ, DÉBORA | 0,25 | | | | | | | | 0,25 | | | |
| ABELLEIRA BARROS, SILVIA | 4,10 | | | | 0,30 | 2,75 | 0,20 | 0,60 | 0,25 | | | |
| ABRIL FERNÁNDEZ, ROSA MARIA | 1,20 | | | | 0,75 | | 0,20 | | 0,25 | | | |
| ACOSTA TERRÓN, MIREYA | 5,45 | | | 5,00 | | | 0,30 | 0,15 | | | | |
| ACUÑA JUSTO, ALICIA | 0,25 | | | | | | | | 0,25 | | | |
| AGUINAGA TERRÓN, AMARANTA | 3,30 | | | | 0,05 | 2,00 | 0,30 | 0,70 | 0,25 | | | |
| ALONSO DUARTE, ANDREA | 3,70 | | | | 2,10 | 0,50 | 0,30 | 0,30 | 0,50 | | | |
| ALONSO LORENZO, MARIA SOL | 0,00 | | | | | | | | | | | |
| ALVAREZ GONZÁLEZ, ANA BELÉN | 5,30 | 1,00 | | 1,40 | | 0,75 | 0,90 | 1,00 | 0,25 | | | |
| AREA POMAR, ANA | 2,20 | | | | 0,45 | 1,50 | | | 0,25 | | | |
| BARREIRO CASTRO, Mª JOSÉ | 10,55 | | | 5,00 | | 2,00 | 1,60 | 0,20 | 0,25 | | | 1,50 |
| BARRERO HERNÁNDEZ, RAQUEL | 3,70 | | | | 0,75 | 1,50 | 1,20 | 0,25 | | | | |
| BARRIL VÁZQUEZ, JESYCA PATRICIA | 0,65 | | | | | | | 0,40 | 0,25 | | | |
| BATALLE PÉREZ, MARIA DEL MAR | 0,10 | | | | | | | 0,10 | | | | |
| BATRES GARCÍA, ANA BELÉN | 2,70 | | | 1,50 | 0,75 | | 0,20 | 0,25 | | | | |
| BAZ MARTÍNEZ, LAURA | 2,75 | 1,00 | | | | 1,50 | | | 0,25 | | | |
| BELLO COSTAS, TANIA | 2,15 | 1,00 | | | | 0,75 | | 0,15 | 0,25 | | | |
| BESADA FERNÁNDEZ, REBECA | 6,50 | | | | 2,85 | | 2,10 | 1,30 | 0,25 | | | |
| BLANCO BECERRA, CRISTINA | 2,15 | 1,00 | | | 0,15 | 0,75 | | | 0,25 | | | |
| BLANCO GARCÍA, MARIA EMMA | 1,00 | | | | | 0,75 | | | 0,25 | | | |
| BLANCO PAREDES, ALMUDENA | 2,40 | | | | 0,95 | 0,75 | 0,30 | 0,15 | 0,25 | | | |
| BRAVO RAÑO, NATALIA | 2,65 | | | | | 2,25 | | 0,15 | 0,25 | | | |
| BRITOS BETHENCOURT, MARÍA MERCEDES | 4,55 | | 1,20 | | 0,90 | | 1,20 | 1,00 | 0,25 | | | |
| BUSTO BOUZAS, MARÍA JOSÉ | 2,95 | | 1,35 | | 0,90 | | 0,30 | 0,15 | 0,25 | | | |
| CALDAS FARIÑAS, MARTA | 5,80 | | | | 2,75 | 1,50 | 0,30 | 0,75 | 0,50 | | | |
| CALDAS MONTES, MARGARITA | 2,35 | | | | | 0,75 | 0,90 | 0,45 | 0,25 | | | |
| CANCELA RODRÍGUEZ, MARÍA | 0,55 | | | | | | | 0,30 | 0,25 | | | |
| CANDEIRA RODRIGUEZ, EVA SUSANA | 10,90 | 1,00 | | 5,00 | | 1,50 | | 1,15 | 0,75 | | | 1,50 |
| CANO SANTIAGO, LUCILA | 2,10 | | | 0,80 | | 0,75 | | 0,30 | 0,25 | | | |
| CARCEDO ALARCIA, ALVARO | 3,30 | 1,00 | | | 1,25 | 0,75 | 0,30 | | | | | |
| CARNERO RODRÍGUEZ, MARÍA SOCORRO | 1,30 | | | 0,10 | | 0,75 | 0,20 | | 0,25 | | | |
| CARRASCO COUSELO, SARA | 0,40 | | | | | | | 0,15 | 0,25 | | | |
| CASTELLANOS ALONSO, IRIA | 4,35 | | | | 0,95 | 2,25 | 0,30 | 0,60 | 0,25 | | | |
| CASTRO GAMALLO, MARIA TERESA | 5,35 | | | 5,00 | | | | 0,10 | 0,25 | | | |
| CASTRO RODRÍGUEZ, CRISTINA | 3,25 | | 1,80 | | 0,25 | 0,75 | 0,20 | | 0,25 | | | |
| CASTRO TORRES, MARÍA | 1,85 | | | | 0,35 | | 0,30 | 0,70 | 0,50 | | | |
| CATALÁN FILGUEIRA, BIBIANA | 2,70 | | | | 1,10 | 0,75 | | 0,60 | 0,25 | | | |
| CAYO RASCADO, ANA BELÉN | 6,85 | | | 5,00 | | 1,50 | | 0,10 | 0,25 | | | |
| CIDRÁS ROSARIO, DIANA | 4,95 | | | | 1,90 | | 0,60 | 1,20 | 0,25 | | 1,00 | |
| CONCHEIRO SÁNCHEZ, ANA | 9,10 | | | 5,00 | | 0,75 | 1,70 | 0,90 | 0,75 | | | |
| CORBACHO FERNÁNDEZ, ROSA MARÍA | 10,80 | 0,50 | | 5,00 | | | 0,90 | 2,40 | 0,50 | | | 1,50 |
| CORRAL PAMPÍN, ROCÍO | 4,20 | | 1,80 | 0,20 | 0,60 | 0,75 | 0,50 | 0,10 | 0,25 | | | |
| COSTA PIÑEIRO, VICTORIA EUGENIA | 5,50 | | | | | | 5,00 | | 0,50 | | | |
| COUSO IGLESIAS, NEREA | 11,25 | | | 5,00 | | | 5,00 | | 0,25 | | 1,00 | |
| CRISTOBAL FERNÁNDEZ, JENNIFER | 1,15 | | 0,90 | | | | | | 0,25 | | | |
| DEL POZO CORBEIRA, ANA ISABEL | 11,75 | | | 5,00 | | | 5,00 | | 0,25 | | | 1,50 |
| DIÉGUEZ TABOADA, EVA | 3,15 | | 1,80 | | | | 0,30 | 0,80 | 0,25 | | | |
| DIOS GARCIA, MARIA GRACIELA | 2,35 | 1,00 | | | 0,45 | | 0,30 | 0,35 | 0,25 | | | |
| DIOS POCEIRO, HERMINIA | 4,20 | | | | | 2,00 | 0,90 | 0,80 | 0,50 | | | |
| DOALLO MONDELO, ANTONIO LUIS | 5,15 | | | | 3,05 | 1,50 | | 0,35 | 0,25 | | | |
| DOMÍNGUEZ MUNAIZ, MARÍA CONSUELO | 9,70 | | 2,40 | | 2,55 | 2,25 | 0,30 | 0,45 | 0,25 | | | 1,50 |
| DOTRAS BOTAS, MARTA | 2,20 | | | | | 0,75 | 0,90 | 0,30 | 0,25 | | | |
| DURÁN IRIARTE, ALBERTO GABRIEL | 8,20 | | | 5,00 | | 0,75 | 0,90 | 1,30 | 0,25 | | | |

CONCURSO MERITOS DEFINITIVO T. ORIENTACION LABORAL

| ASPIRANTE | PUNTUACION TOTAL | BASE OITAVA | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1a | 1b | | | 1c | | | 1d | 1e | | |
| | | | a) | b) | c) | a) | b) | c) | | a) | b) | c) |
| DURÁN LÓPEZ, Mª DEL MAR | 5,70 | 0,50 | 4,05 | | | | 0,60 | 0,30 | 0,25 | | | |
| ESPERANTE FERNANDEZ, MARGARITA | 4,30 | | | | 2,40 | 0,50 | 0,60 | 0,55 | 0,25 | | | |
| ESTEBAN AGUIRRE, BEATRIZ R. M | 9,15 | | | 5,00 | | 1,50 | 0,60 | 1,30 | 0,75 | | | |
| FABEIRO ANTÚNEZ, MARÍA BELÉN | 6,95 | | 0,90 | | 1,50 | 2,25 | 1,50 | 0,55 | 0,25 | | | |
| FALCÓN CHAVES, MARÍA DOLORES | 7,25 | 1,50 | | 5,00 | | | | | 0,75 | | | |
| FARIÑA GARCÍA, SABELA | 1,30 | | | | | 0,75 | 0,30 | 0,25 | | | | |
| FARIÑAS LEMA, CRISTINA | 3,15 | | | | 0,60 | 0,75 | 0,60 | 0,95 | 0,25 | | | |
| FERNANDEZ ABOAL, MARIA CONCEPCIÓN | 6,45 | | | 5,00 | | | 0,30 | 0,90 | 0,25 | | | |
| FERNÁNDEZ GARCÍA, PATRICIA ABEL | 3,20 | 1,00 | | | | 0,50 | 0,60 | 0,85 | 0,25 | | | |
| FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, PATRICIA | 2,50 | | | | | 2,00 | | 0,25 | 0,25 | | | |
| FERREIRO SOTO, CECILIA | 0,40 | | | | | | | 0,15 | 0,25 | | | |
| FRANCISCO DOMÍNGUEZ, CELSO | 3,95 | | | | 1,25 | 1,50 | 0,30 | 0,40 | 0,50 | | | |
| GAGO BARREIRO, YOLANDA Mª | 3,60 | 0,50 | | | | 2,25 | | 0,35 | 0,50 | | | |
| GALLARDO GARCÍA, MARÍA JESÚS | 1,75 | | | | | | 0,60 | 0,90 | 0,25 | | | |
| GALLEGO AVILÉS, PATRICIA | 4,75 | | | | 1,30 | 1,50 | 1,00 | 0,70 | 0,25 | | | |
| GÁLVEZ VILCHES, SILVIA Mª | 7,90 | | | 5,00 | | 1,50 | 0,60 | 0,55 | 0,25 | | | |
| GARABAL MONTES, MIRIAN | 3,90 | 1,00 | | | 0,40 | | 0,30 | 0,45 | 0,25 | | | 1,50 |
| GARCÍA CAJIDE, MARÍA PURIFICACIÓN | 0,00 | | | | | | | | | | | |
| GARCÍA FERNÁNDEZ, RAQUEL | 1,15 | | | | 0,45 | | 0,30 | 0,15 | 0,25 | | | |
| GARCÍA GONZÁLEZ, RAQUEL | 1,65 | | | | 1,10 | | 0,30 | | 0,25 | | | |
| GARCÍA PÉREZ, PATRICIA | 0,25 | | | | | | | | 0,25 | | | |
| GARRIDO CORTAZAR, ESTEFANÍA | 1,90 | | | | 0,10 | 0,75 | 0,60 | 0,45 | | | | |
| GIRÁLDEZ SA, MIRIAM | 0,00 | | | | | | | | | | | |
| GÓMEZ ABELEDO, GUADALUPE | 0,55 | | | | | | | 0,30 | 0,25 | | | |
| GÓMEZ ARUFE, IRIS INÉS | 9,70 | 0,50 | | 5,00 | | 2,00 | 0,90 | 0,80 | 0,50 | | | |
| GÓMEZ GONZÁLEZ, JACOBO | 1,10 | | | | | 0,75 | | 0,10 | 0,25 | | | |
| GÓNZALEZ BARROS, PAULA MARÍA | 1,95 | | 0,90 | 0,10 | 0,40 | | 0,30 | | 0,25 | | | |
| GONZALEZ CARBALLA, CRISTINA | 7,70 | | | 5,00 | | 0,75 | 0,30 | 0,90 | 0,25 | 0,50 | | |
| GONZALEZ GÓMEZ, ESTHER | 6,40 | | 2,40 | | 0,20 | 0,75 | 0,30 | 0,75 | 0,50 | | | 1,50 |
| GONZÁLEZ LAMAS, JORGE | 6,65 | 1,00 | | 0,30 | 1,80 | 1,50 | 0,90 | 0,90 | 0,25 | | | |
| GONZÁLEZ POCEIRO, SARA | 5,25 | | | | 0,15 | 2,25 | 0,60 | | 0,25 | | 2,00 | |
| GONZÁLEZ SUÁREZ, LUCÍA | 7,05 | | | 5,00 | | 0,75 | | 0,55 | 0,75 | | | |
| GONZÁLEZ VILLAR, ALICIA | 2,05 | 1,00 | | | 0,55 | | | 0,25 | 0,25 | | | |
| IGLESIAS FERNÁNDEZ, SALETA | 0,25 | | | | | | | | 0,25 | | | |
| IGLESIAS TOIMIL, MARÍA | 10,50 | | | 5,00 | | | 5,00 | | 0,50 | | | |
| IGLESIAS TORRES, CARMEN | 11,50 | | | 5,00 | | | 5,00 | | 0,50 | | 1,00 | |
| JORQUERA ORDÓÑEZ, ANA Mª | 0,55 | | | | | | 0,30 | | 0,25 | | | |
| LABRAÑA GRAÑA, TATIANA BEATRIZ | 1,10 | | | | | 0,75 | | 0,10 | 0,25 | | | |
| LEAL FARIÑA, ALICIA | 5,90 | 0,50 | 2,25 | | 0,95 | 0,75 | 0,90 | 0,30 | 0,25 | | | |
| LEMA MOREIRA, ESTEFANÍA | 2,90 | 1,50 | | | | | 0,60 | 0,55 | 0,25 | | | |
| LEMA ORÓNS, MARÍA ÁNGELES | 3,45 | 1,00 | | | 1,30 | 0,75 | | 0,15 | 0,25 | | | |
| LEÓN CORREDOR, YANIRA CRISTINA | 0,35 | | | | | | | 0,10 | 0,25 | | | |
| LOMBA ALONSO, DANIEL | 2,20 | | | | 0,25 | 1,50 | | 0,20 | 0,25 | | | |
| LÓPEZ ALONSO, ALICIA | 6,10 | | | | 1,55 | 1,50 | 0,60 | 0,70 | 0,25 | | | 1,50 |
| LÓPEZ BARRAL, MARÍA DEL CARMEN | 1,40 | | | | | | | 0,90 | 0,50 | | | |
| LÓPEZ FREIRE, MARÍA DEL PILAR | 2,95 | 0,50 | | | | 0,75 | 0,60 | 0,85 | 0,25 | | | |
| LOPEZ ROEL, PAULA | 2,15 | | | 0,80 | 1,20 | | | 0,15 | | | | |
| LORENZO PAREDES, BEATRIZ | 4,00 | | | | 1,00 | 0,75 | 0,90 | 1,10 | 0,25 | | | |
| LORENZO RODRÍGUEZ, SILVIA | 4,50 | | | | 1,10 | 1,50 | 0,90 | 0,75 | 0,25 | | | |
